

Un arquiveiro zamorano na Coruña: Nicéforo Cocho (unha achega biográfica)

FRANCISCO XAVIER REDONDO ABAL*

Sumario

Este estudo percorre o labor despregado na cidade da Coruña polo arquiveiro Nicéforo Cocho Fernández así como o seu proceso de depuración padecido ao remate da Guerra Civil.

Abstract

This study covers the work unfolded in the city of A Coruña by the archivist Nicéforo Cocho Fernández as well as the debugging process suffered at the end of the Civil War.

Ao remate da Guerra Civil española, un bo número dos profesionais que traballaban nos arquivos e bibliotecas do Estado foron exhaustivamente examinados na búsqueda dos seus antecedentes políticos, sociais, relixiosos e morais. Daqueles case trescentos facultativos, unha altísima porcentaxe pagaron moi caro o seu pasado republicano, demócrata ou sindical e mesmo polo seu nítido compromiso coas autoridades legais e constitucionais tiveron que abonar un custo elevado en forma de paralización das súas traxectorias profesionais, cercenando carreiras e proxectos sen ter en conta a cualificación persoal dos afectados. Esta é unha historia aínda por escribir e un caso sobresaínte representao a persoa que trataremos a continuación.

Nicéforo Cocho Fernández naceu en Benavente, Zamora, o 28 de febreiro de 1876¹. Tiña, polo tanto, 60 anos cando comezou a Guerra Civil. Licenciado en Filosofía e Letras, sección de Ciencias Históricas, e doutor en Dereito Canónico, a piques estivo de alcanzar un segundo doutorado –esta vez en Filosofía– co seu traballo titulado *La moderna sociología: sus fines y sus efectos*, mais o seu estudo foi recriminado sen sometelo a xuízo polos catedráticos que haberían de examinalo. Ingresou no Corpo Facultativo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Arqueólogos (CFABA) o 23 de xullo de 1915 e tras pasar por Simancas aterrou na Coruña en novembro de 1922², sendo destinado ao Arquivo da Delegación de Facenda até o mes de decembro do ano 1934, momento no que por concurso de traslados Nicéforo marcha a Madrid, exercendo até o final da guerra na biblioteca da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central.

* **Francisco Xavier Redondo Abal** é licenciado en Xeografía e Historia e bibliotecario na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

1 Datos extraídos da declaración xurada que Nicéforo Cocho presentou o 29 de abril de 1937 ás autoridades republicanas. Archivo General de la Administración (Alcalá de Henares), Educación, 31/6056. Curiosamente, o seu nome non aparece no traballo de Agustín Ruiz Cabriada, *Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos (1858-1958)*, Madrid: Junta Técnica de Archivos y Bibliotecas, 1958.

2 *El Orzán: diario independiente* (A Coruña), 22 de novembro de 1922.

Sabemos que foi na Coruña onde Cocho Fernández despregou unha intensa actividade profesional, política e intelectual. Durante os anos 1923, 1924 e 1925 foi o segundo redactor-xefe do xornal *El Noroeste: diario de la República, órgano del Partido Radical Socialista*, agrupación coa que simpatizou e da que rematou afastándose en 1934. A mediados de 1924, dirixía tamén a biblioteca provincial coruñesa e xestionou a adquisición de libros para a mesma por un importe de 187,50 pesetas, unha cantidade nada desdeñábel para a época³. Aquele mesmo ano, en outubro, Nicéforo ofreceuse ao concello «para ejercer el cargo de archivero municipal, servicio que atenderá gratuitamente hasta que se consigne en presupuesto la gratificación que haya de disfrutar»⁴. A resposta positiva do concello tardou en chegar e foi durante os anos 1926 e 1927 cando Nicéforo puido catalogar o arquivo municipal⁵ que, segundo el mesmo declara, atopábase en absoluto desorde e abandono. En 1928 unha Real Orde de 10 de marzo nomeou ao noso protagonista «visitador» dos arquivos coruñeses non incorporados ao Corpo de Arqueiros e así o reflectiron os xornais locais: «Salió a girar la visita reglamentaria a los archivos municipales y notariales de la provincia el archivero de la Delegación de Hacienda D. Nicéforo Cocho, quien se halla en Santiago»⁶. Ademais, entre 1926 e 1934 e por orde do director xeral de Belas Artes, desempeñou, en diferentes ocasións, a xefatura interina do Arquivo Rexional de Galicia, hoxe Arquivo do Reino de Galicia.

Paralelamente a todas estas actividades, Nicéforo Cocho tivo tempo para impartir a docencia dende 1926 no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza da Coruña, ensinando latín e redactando os programas e apuntes da citada materia, así como tamén para as de psicoloxía e lóxica. Tamén ditará algunhas conferencias para estudantes⁷.

Falabamos con anterioridade da simpatía de Cocho Fernández polo Partido Republicano Radical Socialista, organización fundada en 1929 e onde se fusionaba a democracia republicana co reformismo social⁸. Nicéforo declarará en 1937 o seu abandono do mencionado partido en favor de Unión Republicana, organización nacida en 1934 dunha escisión dentro do seo do partido de Alejandro Lerroux. A máis que probábel participación do «Emperador do Paralelo» na «sanjurjada» de 1932 e o seu revisionismo dende decembro de 1933 formando gobernos cos monárquicos de Gil Robles e a CEDA, xogaron un papel fundamental na escisión dos radicais. Uns, liderados por Félix Gordón Ordax, formaron o grupo radical-socialista, que xunto aos radicais-demócratas darán nacemento á Unión República⁹. O seu líder indiscutíbel será o sevillano Diego Martínez Barrio, antigo delfín do propio Lerroux, que dende 1935 aparece moi próximo ás teses de Manuel Azaña e Izquierda Republicana. En Galiza, Julio Suárez Ferrín e Jesús Mejuto seguirán a Gordón Ordax, mentres que César Alvajar e José Miñones farán o propio con Martínez Barrio. O mesmo que Nicéforo Cocho.

3 *El Ideal Gallego: diario católico, regionalista e independiente* (A Coruña), 25 de maio de 1924.

4 *El Ideal Gallego: diario católico, regionalista e independiente* (A Coruña), 23 de outubro de 1924.

5 Segundo os xornais locais, a Comisión municipal permanente do concello coruñés concedeu «2.000 pesetas en concepto de gratificación por los servicios que viene prestando en el archivo municipal a don Nicéforo Cocho Fernandez». Véxase: *El Orzán: diario independiente* (A Coruña), 15 de xaneiro de 1926.

6 *El Compostelano: diario independiente* (Santiago de Compostela), 21 de agosto de 1928.

7 *El Orzán: diario independiente* (A Coruña), 22 de febreiro de 1931.

8 Jesús María Reiriz Rey, Xosé Alfeirán Rodríguez, *Tiempos republicanos*. A Coruña: Ateneo Republicano de Galicia, 2004, p. 183.

9 A fusión e o congreso de constitución pode verse en: *ABC* (Madrid), 21 de setembro de 1934.



727
ENTRADA
Registro n.º 184

Al Ministro de Instrucción Pública y Bellas Artes

Nicéforo Cocho y Fernández
(nacido y nacido)
de sesenta y un años de edad, de la plantilla de
la Biblioteca de Filosofía y Letras, hasta el 20 de febrero
en que inesperadamente, y sin que pueda el dicente explicárselo, fue declarado
en situación de "públicato forzoso" por falta de condiciones físicas para trabajar
(por su y cargo, debiendo creerse tal como que, de la ley aludida, no se ha dispuesto de este momento)
A los efectos del Decreto de 27 de septiembre de 1936.

SOLICITA ser readmitido en el empleo a cargo que desempeña, dependiente
de ese Ministerio, haciendo al dorso las alegaciones requeridas por
dicho Decreto, y acompañando certificaciones justificativas de sus facultades
físicas y actual estado de laboriosidad
Madrid, 24 de abril de mil novecientos treinta y siete.
(legible y legible)

Nicéforo Cocho y Fernández
(firmado)



Doc. 1: Solicitud de N. Cocho ás autoridades republicanas para ser readmitido no Corpo Facultativo tras o cese xeneralizado pola situación de guerra. Data: 29 de abril de 1937. Archivo General de la Administración (Alcalá de Henares), Educación, 31/6056.

O arquivista manifestou que pertencía á Unión Republicana dende a súa fundación e que mesmo axudou a crear o «Casino-Círculo» de UR na cidade da Coruña. Tamén declarou estar afiliado á FETE dende o 27 de febreiro de 1936. Estas afirmacións acompañaron a instancia dirixida por Nicéforo ás autoridades republicanas o 29 de abril de 1937, tras ser declarado «jubilado forzoso por falta de condiciones físicas para trabajar»¹⁰. O zamorano foi readmitido e pasará toda a contenda desempeñando o seu labor na biblioteca da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid¹¹, baixo as ordes de José Álvarez de Luna y Pohl, director en funcións ante a ausencia de Javier Lasso de la Vega. Antes, na mesma biblioteca e dende 1935, Nicéforo Cocho foi o encargado de coordinar e dirixir os traballos no centro durante a quenda de tarde¹².

O mesmo día que rematou oficialmente a Guerra Civil, Nicéforo, con 63 anos cumpridos, solicitou ás novas autoridades vencedoras o seu reingreso no CFABA¹³. Mais, ignoraba o bibliotecario zamorano que o seu «expediente rojo» obraba xa nas mans do xuíz-instrutor encargado de investigar o pasado político, social e religioso dos integrantes do Corpo Facultativo: Miguel Gómez del Campillo, director do Arquivo Histórico Nacional dende finais de 1930 e responsable de incoar os expedientes de depuración para todos os integrantes da institución. Aquel expediente cualificaba a actitude de Nicéforo ante o movemento sedicioso como «leal» [á República] e, en consecuencia, obrigou a Gómez del Campillo a pescudar no pasado do vello arquivista-bibliotecario. O primeiro paso foi indagar nas declaracións dos seus compañeiros no Corpo Facultativo. Case sen excepcións, os informantes deixaron en moi mal lugar a Nicéforo Cocho.

Durante aquel mes de agosto de 1939, diferentes integrantes do CFABA explicaron o que eles entenderon como «actividades antipatrióticas» do investigado. Por exemplo, Federico Navarro Franco, recoñecido simpatizante de Falange Española e facultativo no Arquivo Histórico Nacional, afirmou que Cocho estaba «afiliado a la F.E.T.E. y a la U.G.T., está considerado por todos como persona de izquierdas, de actuación nefasta para los compañeros»¹⁴. Rafael Villaseca y Mediolagoitia, bibliotecario da Escola Superior de Pintura de Madrid, declarou que Nicéforo era «por su conducta y opiniones un significado militante revolucionario y antifascista, enemigo de la Causa Nacional». Non podía faltar o inefábel Eduardo Ponce de León, bibliotecario da Nacional reconvertido en martelo de herexes dende o seu posto de delegado de Información e Investigación de Falange Española:

Como Álvarez de Luna¹⁵, [Cocho] es un inmoral pues dio igualmente escándalo en Simancas, haciendo escarnio de sus hábitos de sacerdote y viviendo amancebado con mujer de la que tuvo varios hijos. Naturalmente que con estos antecedentes tan deshonorosos, tenía que ser elemento apto y de confianza de las autoridades rojas y así lo vemos en el Comité depurador del Cuerpo, de donde salieron tantas cesantías, las listas de las cuáles a él se

10 AGA. Educación, 31/6056.

11 Marta Torres Santo Domingo, «Los libros de las bibliotecas forman magníficos parapetos». En: *La Facultad de Filosofía y Letras de Madrid en la Segunda República: arquitectura y Universidad durante los años 30*. Madrid: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008, pp. 584-599.

12 María Cristina Gállego Rubio, «La biblioteca». En: *La Facultad de Filosofía y Letras de Madrid en la Segunda República, op. cit.*, p. 500.


13 AGA. Educación, 31/6056.

14 Todas as citas en: AGA. Educación, 31/6056.

15 O sevillano José Álvarez de Luna y Pohl foi sancionado por unha Orde de 5 de marzo de 1940 co traslado forzoso fóra de Madrid, postergación durante cinco anos e inhabilitación para cargos directivos ou de confianza. BOE, 10 de marzo de 1940.



Doc. 2: Solicitud de N. Cocho ás autoridades franquistas para o seu reingreso no CFABA tras a finalización da guerra, seguindo o establecido pola Lei de 10 de febreiro de 1939. Data: 1 de abril de 1939. AGA, Edu., 31/6056.



Doc. 3: Oficio do xuíz-instructor do CFABA, Miguel Gómez del Campillo, propoñendo a formación de expediente de depuración a N. Cocho. Data: 6 de setembro de 1939. AGA, Edu., 31/7083.

deben en unión de Teresa Andrés¹⁶, entre outros. Perteneció, como no, a la Federación de Trabajadores de la Enseñanza.

Por se non bastara, outros dous integrantes do Corpo Facultativo –Diosdado García Rojo e Ramón Paz Remolar– certificaron que o zamorano era «un escándalo público» e unha persoa de «malos antecedentes religiosos, políticos y sociales».

Gómez del Campillo contaba xa con suficientes e «obxectivas» probas para solicitar a inclusión de Nicéforo Cocho no apartado b) do artigo 5º da Lei de 10 de febreiro de 1939 para a formación do expediente e a aplicación da sanción que procedese. Fíxoo en base a catro cargos: pertenza ao partido Unión Republicana dende 1933; militancia en FETE dende febreiro de 1936; ser fundador e presidente da Fronte Popular do Ministerio de Instrucción Pública; e, por último, estar acusado de colaborar nas «numerosas y violentas cesantías» decretadas polas autoridades republicanas no Corpo Facultativo¹⁷.

16 Teresa Andrés Zamora (Villalba dos Alcores, Valladolid, 1907 – París, 1946), militante comunista e excepcional bibliotecaria, foi separada do CFABA por unha Orde do 13 de xuño de 1939 (BOE, 23 de xuño de 1939). Por sorte para ela, atopábase no exilio: o seu pai e un irmán, Dionisio, foron fusilados en 1936 na Palencia ocupada polas tropas franquistas.

17 AGA. Educación, 31/6056. Oficio nº38, 6 de setembro de 1939. Leva o «conforme» manuscrito de Ibáñez Martín, "ministro de Educación Nacional".

Durante o mes de outubro, Gómez del Campillo buscou infrutuosamente informes masónicos na Sección de Servizos Especiais da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos. Na lista de investigados aparecen quince nomes e xunto ao de Nicéforo sobresa unha nota escrita posteriormente que advirte: «Sacerdote amancebado»¹⁸. Con todo, a información sobre a súa pertenza á masonería resultou negativa. Tampouco tivo sorte o xuíz-instructor cos informes político-sociais na sección do mesmo nome. Pouco importaba, pois Gómez del Campillo continuou recabando declaracións doutros integrantes do CFABA.

Así, José María Ordóñez Boada, da Biblioteca Popular do Distrito de Hospital, en Madrid, confirmou que Nicéforo «estaba conceptualizado como elemento díscolo y turbulento». Pola súa banda, Miguel Bordonau y Mas, adscrito á Biblioteca Nacional, opinaba que «muchos años hace que por decoro no debía figurar este hombre entre los funcionarios del Estado». Incluso afirmaba que tras o seu paso por Simancas, «con su conducta escandalosamente escandalosa [sic] contribuyó extraordinariamente a hacer perder la fe a aquellos pobres labriegos».

A mediados de decembro de 1939, Gómez del Campillo tiña xa redactado o prego de cargos contra Cocho Fernández¹⁹. Nun total de dez puntos e un razoamento final, o xuíz-instructor carga sen compaixón contra o bibliotecario baseándose, na súa maior parte, no propio expediente republicano de 1937. Ás acusacións xa coñecidas (militante de Unión Republicana e de FETE-UGT, fundador de STABYM e presidente da Fronte Popular do Ministerio de Instrución Pública), Gómez del Campillo engade que o zamorano coñeceu as listas de cesantías levadas a cabo polas autoridades republicanas, formando parte do seu comité depurador. O xuíz-instructor remata a faena cualificando a Nicéforo Cocho de «sacerdote inmoral» e «indigno de pertenecer al Cuerpo. Así lo consideran muchos compañeros».

No último razoamento, Gómez del Campillo afirmou que durante a contenda cada un ía onde podía e instintivamente reuníase cos seus afíns. E continúa o xuíz: «desgraciadamente en el Sr. Cocho se da el caso triste de que sus afines eran la U.G.T., el Frente Popular y las Comisiones depuradoras».

Antes de solicitar a sanción que estimou oportuna, Gómez del Campillo pretendeu aclarar o castigo que merece un funcionario cuxa vida non se axusta á moral nin aos fundamentos do seu carácter sacerdotal. Para iso, nun absoluto delirio, Gómez del Campillo lanzou dúas preguntas: «¿Cuánto no habrán contribuido a la constante desmoralización de Madrid esos curas que hacían vida marital, echando por los suelos el alto concepto en que todavía se tiene en España al sacerdote, principalmente por su castidad?». E remata preguntando outra vez:

¿Es posible que el actual Estado español, elaborado por el Caudillo invicto (Dios le guarde), cimentado con la sangre y los huesos de tantos millones de mártires y héroes, que murieron, muchos entre crueles sufrimientos, dando vivas a Cristo y a España, y contrastado por los sufrimientos y desgracias de los que, por la Misericordia Divina hemos sobrevivido, es posible que sea funcionario suyo un hombre de las condiciones, es decir de los defectos, del Sr. Cocho?

18 AGA. Educación, 31/7083. Oficio nº112, 26 de outubro de 1939.

19 AGA. Educación, 31/6056. Oficio nº183, 12 de decembro de 1939.

Cocho

Muchas años hace que por desgracia no debia figurar este hombre entre la jerarquia del Estado.

Las primeras noticias de él lo tuve en Linares, allí era su conducta escandalosamente escandalosa, contaba sus extravagancias momentaneamente a haber pasado la fe a aquellos pobres labriegos.

Hasta donde llegaba la belandera usual de este hombre que los miramos -yo por- cindiamos de él y le publicamos.

Pasaba que las esta desprovista de fundamento la sospecha de su intervencion personal en la primera lista de candidatos del Surpo.

N. Cocho

M. Gomez del Campillo

Ratificada en 20 octubre 1939 de que certifico.

Valencia a 10 de octubre

Doc. 4: Unha das moitas declaracións de compañeiros contra N. Cocho. Data: 30 de outubro de 1939. AGA, Edu., 31/6056.

Pliego de cargos en cumplimiento del artículo 66 de la Ley de 10 de Febrero de 1939, en relación con el funcionario sumativo Don Nicéforo COCHO FERNÁNDEZ, el que en el término de ocho días, comparezca a contestación, y presentando los documentos justificativos que según procediere según previene el artículo mencionado.

---seguen---

- 1º.- Pertenencia a la Unión Republicana desde 1931, y ex fundador del Grupo de "Unión Republicana".
- 2º.- F.C.T.R. [Federación de Trabajadores de la Enseñanza] (U.R.V.) desde el 23 de Febrero de 1933.
- 3º.- Fundador del C.T.A.S.T.R. (Sindicato de Trabajadores en Libros, Bibliotecas y Museos) (U.R.V.).
- 4º.- "Se le exigió de sus pruebas de apoyo al Gobierno de la República en todo momento, y por todos los medios que han estado a su alcance".
- 5º.- Fundador y Presidente del Frente Popular de Funcionarios del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes.
- 6º.- Casó con las listas de comunistas.
- 7º.- Escribe de izquierda y retención eclesiástica.
- 8º.- Asociado ilegal.
- 9º.- Rural parte del Comité Republicano de Funcionarios.
- 10º.- se le exigió tareas de perfeccionamiento al cuerpo.

En Madrid a veintiocho de noviembre de 1939 el asociacionista treinta y nueve, promotor D. Eusebio GARCÍA FERNÁNDEZ, en el trabajo según siempre y literal de este pliego de cargos, que en cumplimiento del artículo 66 de la Ley de 10 de Febrero de 1939, se formula contra él, y el cual deberá contestar en el término de ocho días, pidiendo presentar los documentos justificativos que según procediere, según en el mismo artículo se dispone, y ordenado de todo ello, firmo así según con el Sr. Juan de que certifico.

M. Gomez del Campillo

Valencia a 10 de octubre

Nicéforo Cocho

Doc. 5: Prego de cargos formulado polo xuíz-instructor, Gómez del Campillo, contra N. Cocho. Data: 28 de novembro de 1939. AGA, Edu., 31/6056.

O Corpo Facultativo está, segundo Gómez del Campillo, cheo de persoas dignas e de honor. Entre os seus segrares aparecen sacerdotes virtuosos e mulleres decentes. A convivencia con aqueles que carecen desas calidades é imposible. O xuíz-instructor asegura que o proceso depurador fai referencia aos feitos acontecidos antes da «liberación» e o caso de Nicéforo Cocho non presenta dúbidas. Por iso, entende que o bibliotecario incorre plenamente nos apartados b) e d) do artigo 9º así como no 12º da Lei de 10 de febreiro (significación contraria ao Movemento Nacional e falsidades na declaración xurada coa omisión de feitos esenciais). Gómez del Campillo propón, en consecuencia, a separación definitiva do servizo de Nicéforo Cocho, advertindo que pola súa idade (63 anos) podería tamén ser xubilado segundo os preceptos legais.


A primeira proposta do xuíz foi asumida integramente o día 20 de decembro polo director xeral de Arquivos e Bibliotecas, Miguel Artigas, e ratificada ao día seguinte polo ministro Ibáñez Freire. Apareceu publicada case un mes máis tarde²⁰.

Nicéforo Cocho non debeu sentir moita dor coa súa separación definitiva do servizo, especialmente se temos en conta que para entón xa pasara polo cárcere. Condenado a 20

20 BOE, 22 de xaneiro de 1940.

anos e un día de prisión, foi liberado con prontitude, saíndo en liberdade provisional no verán de 1941. No cárcere de Carmona, Sevilla, coincidira co seu bo amigo Julián Besteiro²¹, catedrático de Lóxica e decano da Facultade de Filosofía e Letras de Madrid durante a guerra.

Nicéforo Cocho Fernández, o bibliotecario «amancebado», estaba gravemente enfermo cando o xubilaron en 1943, tras un curto reingreso no CFABA. Poucos días despois morreu aos 67 anos.



Doc. 6: Resolución do expediente contra N. Cocho por parte do Ministerio de Educación Nacional. Data: 22 de decembro de 1939. AGA, Edu., 31/7083.

²¹ Julián Besteiro Fernández, representante da á moderada do PSOE e da UGT, foi detido en Madrid e internado na prisión de Porlier. O 8 de xullo de 1939 un tribunal militar condenouno a 30 anos de reclusión maior. Dende o cárcere de Dueñas, Palencia, foi trasladado até a prisión sevillana de Carmona onde, enfermo, faleceu o 27 de setembro de 1940. Véxase: Luis Enrique Otero Carvajal, «La depuración de la Universidad de Madrid». En: *La destrucción de la ciencia en España: depuración universitaria en el franquismo*. Madrid: Editorial Complutense, 2006, p. 126.